

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

Declaración para a reactivación económica e social de Galicia

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2020



DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

En Santiago de Compostela, o 23 de setembro de 2020, reunidos na Sala Eisenman do Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM) da Cidade da Cultura de Galicia

Dunha parte:

D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Doutra parte:

Como representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas participantes no proceso de diálogo social en Galicia,

D. Antonio Fontela Ramil
Representante da Xunta de vicepresidentes
Confederación de Empresarios de Galicia

D. José Antonio Gómez Gómez
Secretario xeral de UGT Galicia

D. Ramón Sarmiento Solla
Secretario xeral do SN de CC.OO. de Galicia

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

Declaración para a reactivación económica e social de Galicia

A situación actual orixinada pola pandemia da Covid-19 está a xerar unha crise a todos os niveis sen precedentes a escala mundial, con consecuencias inimaxinables hai uns meses cando a economía galega se atopaba en fase de crecemento.

O grave impacto da crise na actividade económica ven confirmado pola caída do PIB no segundo trimestre do 2020, que foi do -18,5% en toda España e dun -14,5% de xeito concreto en Galicia. A pesar de que o Banco de España non sinala a Galicia entre as comunidades autónomas que ocupan unha peor posición, a economía galega afronta un escenario máis negativo aínda que na recesión de 2008. De feito, entre os meses de marzo e agosto perdéronse o 0,72% das afiliacións.

Polo tanto, estamos a vivir un momento complexo, difícil e que trae consigo moitas incertezas, e este marco esixe un compromiso de todos.

A sociedade galega está a dar un exemplo de civismo co seu comportamento, e as Administracións Públicas e os axentes económicos e sociais deben colaborar xuntos para paliar na medida do posible os efectos da pandemia sanitaria na economía e no benestar.

A necesidade de reactivación da economía para manter a viabilidade dos proxectos empresariais e dos empregos é vital para Galicia. E neste sentido, o diálogo social e a cooperación son a senda máis apropiada para deseñar os mecanismos económicos, laborais e sociais para dita volta a senda do crecemento.

A Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais temos a obriga de cooperar para diminuír o impacto da pandemia co obxectivo de estar ao lado dos cidadáns, e polo tanto, de estar xunto ás persoas traballadoras e ás empresas, os autónomos e pemes, apostando por un proceso de diálogo social áxil e comprometido.

Nos primeiros meses da pandemia xa traballamos xuntos para afrontar as primeiras urxencias e a nosa vocación é seguir unidos no proceso de reactivación e dinamización económica, que facilite o retorno á actividade en

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

condicións de seguridade e promova a transformación necesaria para competir no novo paradigma que temos por diante, a través dunha maior aposta pola dixitalización, a innovación e a sustentabilidade.

Neste contexto, nunca vivido ata hoxe, é indispensable intensificar o acordo do Diálogo Social rubricado o pasado 10 de decembro de 2019, para seguir traballando polo futuro de Galicia co reto de reforzar as obrigacións adquiridas ás circunstancias actuais. Temos a oportunidade desde o diálogo social de impulsar a transformación económica de Galicia, de mellorar o noso estado de benestar reforzando os nosos servizos públicos, e de avanzar na cohesión da Galicia rural e urbana.

Co obxecto de atopar xuntos solucións de consenso que dean resposta á crise que temos que atravesar e impulsen a transformación económica e a cohesión social, comprometémonos a traballar xuntos tratando de conquistar acordos con fin de acelerar a reactivación económica a creación de emprego de calidade e impulsar canto antes un crecemento sólido, inclusivo e sostible.

Trazando como prioridades:

- A competitividade empresarial, a través de instrumentos que impulsen a transformación baseada na innovación; a dixitalización; a inversión na industria e en servizos que xeneren emprego de calidade, o acceso a financiamento; a transición enerxética xusta; a modernización do sector primario; a reactivación da demanda, co apoio específico aos sectores afectados, autónomos e pemes; o impulso do rural e da Galicia verde; e a sustentabilidade do noso tecido productivo.
- As políticas de emprego, buscando garantir medidas de apoio no novo contexto laboral post Covid-19 vinculadas á recuperación da confianza e á seguridade laboral; a mellora dos ERTES; novas fórmulas de traballo, nomeadamente o teletraballo, a formación para os novos tempos; maiores facilidades para a conciliación e a igualdade laboral; ou o impulso do emprego autónomo e á modernización do sistema de orientación laboral.
- O reforzamento dos nosos servizos públicos especialmente a sanidade, a educación, os servizos sociais e a dependencia e a protección social, mellorando a calidade dos empregos, das prestacións e dos servizos os cidadáns.

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

A posta en práctica desta declaración virá continuada do reforzo inmediato da actividade das mesas de traballo que se estaban a desenvolver e a constitución das que se consideren necesarias por parte da Xunta de Galicia CEG, UGT-Galicia e Sindicato Nacional de CCOO de Galicia

Hoxe en Galicia, pomos en común unha serie de compromisos para fortalecer a nosa economía, cohesionar a nosa sociedade e, en consecuencia, o noso benestar. O noso obxectivo é combater a crise e enviar unha mensaxe de confianza fronte a quen persoal e profesionalmente está a sufrir graves dificultades. Entre todos debemos ser capaces de afrontalas e superalas xuntos.

DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA

E en proba de conformidade, asinan no lugar e data xa sinalados.

D. Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia

Doutra parte:

Como representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas participantes no proceso de diálogo social en Galicia,

D. Antonio Fontela Ramil
Representante da Xunta de vicepresidentes
Confederación de Empresarios de Galicia

D. José Antonio Gómez Gómez
Secretario xeral de UGT Galicia

D. Ramón Sarmiento Solla
Secretario xeral do SN de CC.OO. de Galicia